

Vivir contra o presente

Aínda coas imaxes na retina de *The Poor Stockinger, the Luddite Cropper and the Deluded Followers of Joanna Southcott* (2012), película na que o escocés Luke Fowler nos achega á figura do pensador marxista Edward Palmer Thompson, Ramiro Ledo (Lugo, 1981) regresou estes días de Bos Aires, cidade na que tivo lugar a estrea mundial do seu filme *VidaExtra* durante a última edición do Bafici. Actualmente reside en Barcelona, onde traballa como realizador e montador independente dende 2007, ano no que marchou buscando completar a súa formación audiovisual –alí cursou estudos en cine documental e contemporáneo– e deixando cravada no espello retrovisor unha importante experiencia



como cineclubista. Cando aínda era estudante en Santiago, volveu dunhas vacacións de Nadal cuns textos seus sobre algunhas películas admiradas –entre elas, *O home da cámara* de Dziga Vertov, ou *Shadows* de John Cassavetes– e as ideas compartidas foron collendo xeito co impulso dos primeiros anos da mocidade. Tempo despois, xunto con Iván Cuevas, Xan Gómez Viñas, Iván Villarrea e Sepi Bazarra,

acababa sendo un dos culpables das proxeccións fundacionais do Cineclub Compostela. En 2005 armou o seu primeiro filme, CCCV-Cineclub Carlos Varela, remontaxe das filmacións en súper 8 do cineasta lucense, ao que seguiron a curtametraxe *O proceso de Artaud* (2010) e *Galicia 1936-2011. Estudos sobre o filme de Carlos Velo* (2012), mediometraxe a catro mans con Pablo Cayuela. Apoiándose n'*A Estética da Resistencia*, a monumental novela de Peter Weiss, *VidaExtra* naceu na véspera da folga xeral do 29 de setembro de 2010. Daquela, un grupo de cidadáns decidira ocupar o edificio do Banco Español de Crédito na Praza de Catalunya de Barcelona. Estructurado en dúas partes, cun limiar no que

imos vendo imaxes do Hotel Colón, antiga sede do PSUC en cuxos muros, durante os días da ocupación, podía lerse unha pintada que rezaba *Això no és crisi, se'n diu capitalisme*, o filme encara a dialéctica assemblearia coa realidade de cinco amigos anónimos cuxas reflexións reflecten, a partes iguais, tanto o desexo dunha ruptura cos actuais patróns socioeconómicos, coma o desacougo xurdido pola precariedade á hora de contra-poneren alternativas nos planos persoais e comunitarios. Ledo operou con valentía: *VidaExtra* mete o dedo na chaga e escapa de visións condescendentes. Poderemos asistir á súa primeira proxección no país o vindeiro mércores 1 de maio, no Cineclub de Compostela.

CUALIFICACIÓN

- *** MOI BO
- ** BO
- * CORRECTO
- MELLORABLE

LET